

1.1.- AVALIACIÓN DE TAREFAS CON RÚBRICAS

As Rúbricas son métodos avanzados de cualificación das Tarefas usados para avaliala en base a uns criterios..

Como cualificar unha rúbrica

Cada docente pode realizar a cualificación da súa propia rúbrica como estime máis oportuno. De todas formas, existe un método estandarizado de cualificación de rúbricas.

A cualificación global normalizada calcúlase como a suma da nota obtida en cada criterio menos o valor mínimo posible, e todo isto dividido entre a suma do valor máximo posible menos o mínimo posible en cada criterio.

Analicemos o seguinte exemplo para tratar de entender mellor este concepto:

Supoñamos que a nosa rúbrica ten 4 criterios (Requisitos, Contidos, Organización, Exposición oral), todos eles con 4 niveis (Exemplar, Conseguido, En proceso, Iniciado) cuxas puntuacións van do 1 ao 4.

Neste exemplo, as notas que obtivo a persoa cualificada en cada criterio son 3, 1, 4 e 4 puntos respectivamente. Polo tanto, a cualificación obtida sería:

Numerador: $(3 - 1) + (1 - 1) + (4 - 1) + (4 - 1) = 8$

Denominador: $(4 - 1) + (4 - 1) + (4 - 1) + (4 - 1) = 12$

Total: $8/12 = 0,6$

Neste exemplo, se a nota máxima da tarefa fose de 10 puntos, a persoa do exemplo obtería unha cualificación total de 6 puntos.

Exemplo de rúbrica

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	Exemplar 4 puntos	Conseguido 3 puntos	En proceso 2 puntos	Iniciado 1 puntos
Requisitos	Cumpre tódolos requisitos e incluso excede as expectativas. 4 puntos	Cumpre tódolos requisitos. 3 puntos	Non cumpre satisfactoriamente con algún requisito. 2 puntos	Varios requisitos non se cumpren satisfactoriamente. 1 puntos
Contidos	Cubre tódolos temas en profundidade con detalles e exemplos. O coñecemento do tema é excelente. 4 puntos	Inclúe coñecemento básico sobre o tema. O contido parece ser bastante bo. 3 puntos	Inclúe a información básica sobre o tema, pero ten algún erro. 2 puntos	O contido é mínimo e presenta varios erros. 1 puntos
Organización	Contido ben organizado usando adecuadamente os elementos de clasificación. 4 puntos	Usa elementos de clasificación e organización pero o conxunto aparenta certo desorde. 3 puntos	A maior parte do contido está organizado. 2 puntos	A organización non é clara ou non é lóxica. Demasiadas partes sen organizar. 1 puntos
Exposición oral	Descrición moi clara e acertada dos conceptos, explica cada concepto utilizando exemplos, amosa confianza, boa pronunciación e ton de voz . 4 puntos	Descrición clara dos conceptos. Amosa confianza.Utiliza ben o timbre e a entoación. 3 puntos	Descrición de conceptos básicos. Fala con claridade pero un pouco dubidoso. 2 puntos	Conceptos non expostos correctamente, dúbidas ao falar, ton moi baixo. Non cumpre cos tempos establecidos. 1 puntos

O editor de rúbrica

O editor de rúbrica está dispoñible como método de cualificación para as actividades de tipo Tarefa, aparecendo a posibilidade de escollela no bloque Cualificación da súa configuración. Polo tanto, o primeiro paso para utilizar unha rúbrica será seleccionar Rúbrica como método de avaliación no formulario de creación da propia tarefa.

▼ Cualificación

Cualificación ?

Tipo
Punto ▼

Escala
Actividades voluntarias ▼

Puntuación máxima
10

Método de cualificación ?

Rúbrica ▼


Categoría de cualificación ?

Sen categoría ▼

Para acceder ao editor da rúbrica, en primeiro lugar seleccionamos a tarefa que xa está creada e a continuación prememos sobre o menú Administración de tarefas -> Cualificación avanzada.

O **editor de rúbricas** permite configurar o nome da rúbrica, a descrición e a propia rúbrica. Este editor permite engadir novos criterios e niveis, eliminalos e cambiar a orde dos criterios.

Hai varias opcións nas rúbricas que se poden configurar tamén. Para cada criterio, debe cumprimentarse a descrición do criterio e para cada nivel, debe especificarse a definición do mesmo e o número de puntos asociados co nivel. A definición da rúbrica debe gardarse empregando o botón de Gardar rúbrica e deixala rematada ou o botón de Gardar como versión preliminar.



Nome*

Descrición Parágrafo **B** *I*

Ruta: p

Rúbrica	X	Prema para editar o criterio	Prema para editar o nivel	Prema para editar o nivel	Prema para editar o nivel	Engadir nivel
		0 puntos	X	1 puntos	X	2 puntos

+ Engadir criterio

Cando nunha tarefa escollemos a rúbrica como método de cualificación, temos a opción de crear unha nova desde cero ou reutilizar unha xa existente. Por defecto, só co perfil administrador da aula virtual (Moodle) se poden converter rúbricas en grellas dispoñibles en todo o sitio para todo o profesorado. Malia isto, non implica que non poidamos reutilizar rúbricas creadas previamente co noso perfil.